

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



RITA FERNÁNDEZ QUEIMADELOS

(Valeixe, A Cañiza, 1911 – Barcelona 2008)

Foi a primeira arquitecta nada en Galicia. Dende moi nova ten clara a súa vocación e decide ser arquitecta, vencendo a oposición do seu pai, que pensaba que non era unha profesión axeitada para unha moza.

Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

Apoiada pola súa avoa materna marcha a Santiago a estudar na Facultade de Ciencias, ademais de asistir á Escola de Artes e Oficios.

Unha vez rematada esta primeira formación marcha a Madrid a estudar arquitectura.

Entre as súas obras destacan o antigo concello de Fuenlabrada, os proxectos de reconstrución de Carabanchel ou os traballos que realizou sendo arquitecta municipal de Mula (Murcia).

A progresión da muller no campo da arquitectura é imparable a partir da segunda metade do século XX. De feito, cambia radicalmente dende os inicios da carreira profesional de Rita Fernández Queimadelos.

MULLERES GALEGAS

une

Atopa información na rede sobre as seguintes arquitectas galegas

Milagros Rey
Pascuala Campos
María Jesús Blanco Piñeiro
Teresa Táboas
Isabel Aguirre de Úrcola

Unha vez teñas información, une cada obra coa súa arquitecta.

Fonte de Catro Camiños
(A Coruña)

Isabel Aguirre de Úrcola

Concello de Pontecesures

Pascuala Campos

Parques Oeste Vale/Grande e
Parque Sur en Lisboa

Milagros Rey

Museo do viño de Ribadavia

Rita Fernández Queimadelos

Pavillón do Liceo Casino
de Pontevedra

María Jesús Blanco Piñeiro

Teresa Táboas

Concello de Fuenlabrada

Colorea esta arquitecta e debuxa no fondo a obra que acaba de construír.

MULLERES GALEGAS

colorea



O traballo das arquitectas é moi importante, xa que deseñan os espazos onde imos vivir e son as responsables de que teñamos cidades respectuosas para toda a comunidade.

MULLERES GALEGAS deseña

Consigue unha cartolina grande e **deseña a túa cidade ideal** para que todas as persoas vivan de forma comfortable.

Terás que pensar como van ser as casas, onde pór o hospital, como van ser as rúas... E o teu parque favorito e os espazos deportivos? Onde estará o mercado? Onde xogarán as nenas e os nenos?



Pescuda cantas mulleres acadaron o premio Pritzker, que é o maior recoñecemento no campo da arquitectura.

Sabías que Rita Fernández Queimadelos formou parte do Grupo Feminino da Residencia de Estudiantes, aberta en Madrid en 1915?

MULLERES GALEGAS

estuda

Investiga que outras mulleres galegas e non galegas estudaron en Madrid e estiveron nesa Residencia.

Para que unha edificación chegue a construírse ten que pasar por unha serie de pasos.

Ordena cronoloxicamente os pasos que tivo que realizar Rita Fernández para facer o Concello de Fuenlabrada.

**debuxar os planos - estudar o terreo onde facer a obra
e a contorna do edificio - cimentar o edificio -
realizar os acabados - estrutura da obra**

Hai xente que pensa que hai determinadas profesións que non son adecuadas para as nenas. Que opinas desta cuestión?

Neste encrucillado
aparecen agochados
diferentes termos
relacionados coa vida de
Rita Fernández Queimadelos.

MULLERES GALEGAS

encrucillado

Horizontais:

2 Vila onde deseñou o antigo concello, agora centro xuvenil.

6 Cidade onde estudou arquitectura.

9 Concello no que naceu.

11 Vila onde estudou na facultade de Ciencias.

Verticais:


2 Vila da que foi arquitecta municipal.

3 Foi quen a acompañou a estudar a Santiago de Compostela.

6 Profesión de Rita Fernández Queimadelos.

8 En Santiago de Compostela estudou na escola de e oficios

11 Cidade na que morreu.



Comproba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS

soluciona

encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1		M						A			B
2	F	U	E	N	L	A	B	R	A	D	A
3		L				R		T			R
4		A				Q		E			C
5						U		S			E
6		M	A	D	R	I	D				L
7			V			T					O
8			O			E					N
9			A			C	A	Ñ	I	Z	A
10						T					
11	S	A	N	T	I	A	G	O			

une

Fonte de Catro Camiños da Coruña - Milagros Rey

Concello de Pontecesures - Pascuala Campos

Museo do viño de Ribadavia - María Jesús Blanco Piñeiro

Pavillón do Liceo Casino de Pontevedra - Teresa Táboas

Concello de Fuenlabrada - Rita Fernández Queimadelos

Parques Oeste Vale/Grande e Parque Sur en Lisboa - Isabel Aguirre de Úrcola

estuda

estudar o terreo onde facer a obra e a contorna do edificio - debuxar os planos -
cimentar o edificio - estrutura da obra - realizar os acabados.